

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN CABALLIDO DE SERVIZOS SOCIAIS (ACARSERSO), PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROXECTO PILOTO DA ESCOLA DO MAIOR DURANTE O EXERCICIO 2022**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Carballido de Servizos Sociais o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Asociación Carballido de Servizos Sociais dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto piloto Escola do maior durante o exercicio 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas maiores, mellorando a comunicación, conexión e relación coa contorna. ACARSERSO leva a cabo o proxecto piloto da Escola do Maior que vai ter, en todo momento, un carácter integrador, preventivo e asistencial, destinado á promoción, recuperación e mantemento da autonomía persoal das persoas maiores de 60 anos.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, leva a cabo un proxecto piloto polo que presta apoio a persoas maiores que viven en soidade, con autonomía suficiente, non dependentes, co fin de facilitar a súa vida persoal e social e promover un envellecemento activo. Deste xeito as persoas maiores poden seguir coa súa



vida cotiá na súa residencia habitual coa axuda e atención que se lle presta dende a asociación. Con este proxecto preténdese crear oportunidades que garantan o acceso ao sistema de servizos sociais das persoas maiores que residan en áreas con altas taxas de envellecemento e dispersión. A especificidade do proxecto piloto Escola do Maior radica por unha parte no colectivo ao que vai dirixido (persoas maiores de 60 anos residentes na parroquia de Carballido), e por outra na súa innovación, xa que se trata dun proxecto no que as actividades están organizadas e estruturadas simulando o ámbito educativo, razóns que xustifican a concesión directa dunha subvención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

